

FESTAS e ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL **CONCELLO DE VIGO** PRESENTA



# THE OFFSPRING

+ *Kamron*



www.offspring.com

**MARTES 31 AGOSTO 2004**  
**AUDITORIO DE CASTRELOS VIGO**

APERTURA PORTAS: 21:00h / INICIO DO ESPECTÁCULO 22:30h  
PREZO ENTRADAS: 10 EUROS (ADIANTADA) E 12 EUROS (TAQUILLA)

PUNTOS OFICIAIS DE VENDA:  
CENTRAL DE ESPECTÁCULOS / CAIXANOVA



Central de Espectáculos  
DESPACHO DE LOCALIDADES  
Velázquez Moreno, 23 - tlf. 986 435 410  
www.centralespectaculos.com



SIMONMUSIC  
WWW.SIMONMUSIC.NET



www.caixanova.es  
caixanova  
902 504 500

**FICHA TÉCNICA**  
**OFFSPRING + KANNON+ HIFI STAMINA**

**DATA:** 31 de agosto de 2004

**LUGAR:** Auditorio Parque de Castrelos. Vigo

**HORA:** 21,30 h. Hifi Stamina  
22,30 h. Kannon  
00,00 h. Offspring

**PREZO:** 10 €, anticipada, 12 € na taquilla

**PUNTOS DE VENDA:**

- Taquilla dixital Caixanova: [www.caixanova.es](http://www.caixanova.es)
- Taquilla telefónica Caixanova: 902 504 500
- Central de Espectáculos ( R/ Velázquez Moreno 26. Vigo)
  - Reserva telefónica: 986 435 410
  - [www.centralespectaculos.com](http://www.centralespectaculos.com)

**ORGANIZA:** Simon Music

**GABINETE DE PRENSA Y ACREDITACIONES:**

Aveyro Comunicación:  
Tel 986 226 494      Fax: 986 431 209  
[aveyro@hotmail.com](mailto:aveyro@hotmail.com)      [aveiro@tiscali.es](mailto:aveiro@tiscali.es)  
Chus Torres. 649 627 999

## HIFI STAMINA

“HiFi Stamina” naceu en Vigo en setembro de 2001 orixinariamente baixo o nome de “Loco”.



Ritmos contundentes e “riffs” a medio camiño entre Borland e Morello acompañan as endiañadas rimas e melodías da persoal e potente voz do grupo. As súas composicións mixturan o hip-hop metal co rock máis crúo de principios dos noventa, sendo as súas principais influencias: “Rage Against the Machine”, “Red Hot Chili Peppers”, “Incubus”, “Queens Of The Stone Age”, “Beastie Boys”, entre outros.

En apenas dous anos de actividade gravan dúas maquetas de baixo presuposto, que reciben excelentes críticas entre os medios especializados da zona ó tempo que lles permite ir percorrendo os escenarios das salas máis importantes de Galicia (“La Iguana Club”, “Sala Nasa”, etc). Tamén forman parte do cartel de importantes festas universitarias e festivais (“EastPak Rock Sound Tour 2004”, “Rock Cabo Sam Lourenzo”, “San Pepe 2002”, “Xovevigo 2003”...).

O seu traballo se ve recompensado con sendas nominacións ós “Premios de la Música Maketón Estrella Galicia”, (os únicos

galardóns musicais en Galicia) na categoría de “Mejor Maqueta en 2002” e “Mejor Directo en 2003”.

Despóis de varios meses de silencio buscando un son máis contundente, a banda edita en abril de 2004 o seu primer EP, gravado nos prestixiosos estudios Mix-Plus do produtor Pablo Iglesias.

O Ep, autoeditado en colaboración coa compañía “Falcatruada”, inclúe

material multimedia para PC e DVD, con mp3 de anteriores maquetas máis un video da actuación da banda o pasado 5 de agosto no festival “Xovevigo 2003”.



[www.hifistamina.tk](http://www.hifistamina.tk)

[hifistamina@mundo-r.com](mailto:hifistamina@mundo-r.com)

## KANNON

Formado en setembro de 1997, este xoven quinteto vigués, recolle as influencias e sons do rock máis radical e contemporáneo (Korn, Rage Against The Machine, Incubus...). As letras, en castelán, reflicten os sentimentos da súa xeración.



En 1999 Toxic Records os inclúe no CD recopilatorio "Intoxicación" cos grupos máis interesantes do novo rock galego, e as cancións coas que participan, "Ruido" e "No pases de la raya" convírtense rápidamente en éxitos de crítica e público.

O tema "Ruido" é escollido por varios programas de Radio 3 como unha das mellores cancións de rock en castelán do ano 99.

O seu potente directo produce unha tensión eléctrica saída das dúas guitarras e dunha

contundente sección rítmica, que serven de vehículo para que a voz rime as súas letras incendiarias.

Tras fichar con Zero Records entran a gravar o seu primeiro álbum "DE NUEVO NUNCA" da man de Pablo Iglesias como produtor. Inclúe dez cancións tales coma "American Dream", "Mentiras" ou a curiosa versión de "Pump Up The Jam" de Technotronics, sen esquecer o tema que deu a coñecer ó grupo, "Ruido".

Se estos mozos xa sorprenderon a todos co seu primeiro álbum "De nuevo o nunca", misturando o rap co rock, a historia non fixo máis que empezar pois co paso do tempo elevan o listón cun segundo traballo "Imagina", máis variado e dinámico ó que, sen dúbida, se alonxa de etiquetas simplistas de new metal ou similares.

Eles mesmos dicen que na súa música existe a proporción xusta de rap e a parte adecuada de rock. "Imagina" foi producido por Pablo Iglesias (Lagartija Nick, B-Violet, etc.), o que lle aportou ó disco a súa personalidade. A culminación deste traballo, foi a masterización realizada nos estudos Masterdisk (New York) por Andy Vandette. O disco consta de 12 temas do máis contundente rap-metal característico deste grupo.

O grupo vigués puxo en circulación o seu terceiro disco, "Intro", no que repiten produción con Pablo Iglesias, e onde se produce un novo acercamento ó rock, ademais de presentar a un novo membro da banda, Anxo.

### Discografía

- Imagina
- De nuevo o nunca
- Intro



## THE OFFSPRING

A banda estadounidense “The Offspring” deu os seus primeiros pasos a mediados dos oitenta, cando os amigos Dexter Holland e Greg Kiegel, que tocaban nun pequeno grupo chamado “Manic Subcidal”, deciden unirse a Noedles e Ron Welty.



Con poucos recursos e sen discográfica esperan tres anos, ata 1987, para gravar o seu primer sinxelo, que pagan do seu peto e co que non obteñen demasiado éxito.

Por fin en 1989 a firma Nemesis, unha pequena discográfica especializada en grupos punk, acepta publicar o seu primeiro álbum: “The Offspring”, que lles permite darse a coñecer e introducirse na movida punk de California.

En 1992, editan o seu segundo disco, “Ignition”, cunha ducia de temas ó máis puro estilo punk e dous anos máis tarde ve a luz “Smash”, o disco independente máis vendido de tódolos tempos -máis de 8 millóns de copias somente en USA- e que os deu a coñecer en todo o mundo.

Xunto a este éxito, veu tamén o do vídeo promocional do seu tema “Come out and Play” que estivo moitas semanas nas pantallas da MTV.

En 1997 firman contrato coa Columbia Records, algo que enfureceu ós seus fans, ó considerar que “The Offspring” téñase vendido a unha gran discográfica. Froito dese contrato foron dous traballos “Ixnay on the Hombre”

El disco “Ixnay on the Hombre” vende tan só 3 millóns de copias. A portada do disco está inspirada nunca talla de madeira mexicana.

Poucos meses despois lle piden ó grupo que cree unha canción para a banda sonora de “Batman Forever”. Fan un cover de “The Didjits” chamado “Smash it Up”. A canción aparece 10 segundos na película. Tamén lles piden que fagan unha canción para a banda sonora de “I Know what You Did Last Summer” (“Sé lo que hicisteis el ultimo verano”). Crean a excelente canción D.U.I. pero tan só aparece 3 segundos na película. D.U.I. significa Driving Under Influence - Conduciendo bajo influencia (del alcohol). Pouco despois créase a páxina oficial [www.offspring.com](http://www.offspring.com).





A pesares das críticas, lanzan o seu álbum “Americana” co primer sinxelo Pretty Fly (For A White Guy). Moitos fans dan por vendida á banda debido á maioría de ritmo Pop no álbum. Pretty Fly (For A White Guy) populariza á banda, tanto que en 3 meses venden 3 millóns de copias. A carátula do disco é tomada de debuxos feitos por Frank Kozik que máis tarde fixo todo o cancionero do disco reflectindo ideas de cada canción nos debuxos. A canción “The Kids Aren't Allright” está incluída en

“The Faculty Soundtrack” porque lles daría os cartos necesarios para poder sacar o cancionero con máis cores e mellor papel.

Demandan á banda pola similitude da canción “Why don't you get a job?” con “Ob-La-Di de The Beatles”. O tentáculo no cancionero do álbum representa a maldade de América fronte ás personas u obxectos da sociedade. MTV nomea á banda como artista do mes de maio e pasan os seus dous videos (Pretty Fly e Why Don't You Get A Job) masivamente.

Xa no 2000 sacan o seu sexto álbum, “Conspiracy Of One”, que é o seu derradeiro traballo publicado ata a fecha, se ben manténse en xira permanentemente. Tralo concerto de Vigo, a banda actuará en Lisboa e a continuación en Sudáfrica.

Tras dúas décadas, a banda leva vendidas 32 millóns de copias dos seis discos publicados ata o de agora. Tras unha ácida crítica hacia o goberno de EE.UU. que se vende baixo o título de “Rock Against Bush VOL I”, e na que a banda colabora co tema Bagdad, neste ano publicou o seu último álbum baixo o nome de Splinter.



**A banda está composta por:**  
**Dexter Holland:** vocalista, guitarra  
**Noodles:** guitarra  
**Greg K:** baixo  
**Atom Willard:** batería

## DISCOGRAFÍA

TITULO	ANO	PORTADA	CANCIONS
The Offspring	1989		Jennifer Lost The War, Elders, Out On Patrol, Crossroads, Demon, Beheaded, Tehran, A Thousand Days, Black Ball, I'll Be Waiting, Kill The President.
Ignition	1992		Session, We Are One, Kick Him When He's Down, Take It Like A Man, Get It Right, Dirty Magic, Hypdermic, Burn It Up, No Hero, L.A.P.D., Nothing From Something, Forever And A Day.
Smash	1994		Nitro (Youth Energy), Bad Habit, Gotta Get Away, Genocide, Something To Believe In, Come Out And Play, Self Esteem, It'll Be A Long Time, Killboy Powerhead, What Happened To You?, So Alone, Not The One, Smash.
Ixnay On The Hombre	1997		Disclaimer, Meaning of Life, MOTA, Me & My Old Lady, Coot to Hate, Leave It Behind, Gonde Away, I Choose, Intermission, All I Want, Way Down The Line, Don't Pick It Up, Amazed, and Change the World.
Americana	1998		Welcome, Have you ever, Staring at the sun, Pretty fly (for a white guy), The kid's aren't allright, Feelings, She's got issues, Walla walla, The end of the line, No brakes, Why don't you get a job?, Americana, Pay the man.
Conspiracy Of One	2000		Intro, Come Out Swinging, Original Prankster, Want You Bad, Million Miles Away, Dammit, I Changed Again, Living In Chaos, Special Delivery, One Fine Day, All Along, Denial Revisited, Vultures, Conspiracy Of One, Huck It
Splinter	2004		Neocon, The Noose, Long Way Home, Hit That, Race Against Myself, (Can't Get My) Head Around You, The Worst Hangover Ever, Never Gonna Find Me, Lightning Rod, Spare Me The Details, Da Hui, When You're in Prison